

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN XAPÓN E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais pretende formalizar coa Fundación Xapón Madrid o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 ata o 25 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a organización da retrospectiva dedicada ao director de cinema xaponés Masahiro Shinoda, a través dun ciclo que se compón de sete das súas películas máis representativas, que serán proxectadas nas datas que se indican:

- THE DRY LAKE (1960), proxectarase o 09.01.2024.
- MY FACE IS RED IN THE SUN (1961), proxectarase o 10.01.2024
- A FLAME AT THE PIER (1962), proxectarase o 11.01.2024.
- ASSASSINATION (1964), proxectarase o 16.01.2024.
- SAMURAI SPY (1965), proxectarase o 17.01.2024.
- PALE FLOWER (1964), proxectarase o 23.01.2024.
- GONZA THE SPEAR MAN (1986), proxectarase o 25.01.2024.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 - A Fundación Xapón dispón dunha Sede en Madrid (Fundación Xapón Madrid) cuxa misión é a de contribuír a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España e o entendemento entre os cidadáns de ámbolos dous países. Con este fin, a Fundación Xapón Madrid realiza programas de presentación do arte e da cultura xaponesa, para a difusión da lingua xaponesa, de estudos xaponeses e intercambio intelectual e, ademais, dispón dunha biblioteca e mediateca con recursos e materiais para a ensinanza do idioma xaponés, libros sobre estudos xaponeses e materiais para a difusión da cultura contemporánea xaponesa como DVD de anime e J-Pop ou revistas manga.

2 – Que Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).



Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, conta coa Filmoteca de Galicia, institución creada polo Decreto 210/1989, do 5 de outubro, que ten como principal misión a salvagarda e a difusión do patrimonio audiovisual galego e cuxas principais funcións son a recuperación, catalogación, custodia e a difusión das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego, así como a programación de proxeccións, exposicións, conferencias, publicacións, etc. co fin de proporcionar un maior coñecemento das artes da imaxe en xeneral.

3 –Que a Fundación Xapón Madrid e a Agadic, a través da Filmoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva dedicada ao director de cinema xaponés Masahiro Shinoda, considerado un dos máis grandes cineastas xaponeses da historia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

